



Apoio ao sector da hostalería e outras actividades pechadas

PROGRAMA II – OUTRAS ACTIVIDADES PECHADAS (TR500D)

Persoas beneficiarias

Orzamento: 3.000.000 €

Persoas autónomas con ou sen persoal contratado, microempresas e pemes en actividades económicas diferentes da hostalería* afectadas por peche** conforme a normativa sanitaria

Compatible con outras axudas do Plan de Rescate da Xunta de Galicia e outras AA.PP.



Requisitos

- 1 Ter domicilio fiscal en Galicia
- 2 Estar afectado polos supostos de peche do establecemento ditado pola autoridade sanitaria da Xunta de Galicia segundo as ordes publicadas dende o 4 de xaneiro de 2021

Solicitudes

Poderase solicitar unha axuda por cada establecemento pechado, polo que unha mesma persoa beneficiaria pode ter dereito a varias axudas, pero presentarse unha única solicitude por persoa titular con todos os establecementos afectados

Contía da axuda***

Os importes refírense a establecementos pechados dende as datas indicadas en cada caso

Pechado dende o 27 de xaneiro	Axuda única de 1.900 €
Pechado dende o 21 de xaneiro	Axuda única de 2.200 €
Pechado por dúas ou máis ordes	Axuda única de 2.700 €
Atraccións de feira incluídas	Axuda única de 2.700 €

Principais compromisos

Cumprir coas medidas de **publicidade da axuda e do financiamento público**

Someterse a actuacións de **control, comprobación e inspección** que se determinen

IMPORTANTE:

Poderá eximirse do requisito de estar ao corrente das obrigas tributarias **no momento da solicitude** da axuda sempre que:

- A débeda **non supere o 80%** da axuda solicitada
- A persoa se comprometa a **saldar as débedas no prazo de 15 días naturais** desde a recepción do anticipo da axuda (unha vez satisfeita a débeda deberá comunicalo)

- * Exclúese a hostalería, restauración e os establecementos de lecer e entretemento como as salas de festas, discotecas, pubs, café-espectáculos e furanchos, **por estar encadrados no Programa I**
- ** Ten a consideración de **peche** o realizado por aquel establecemento que **non poida ter aberto** segundo a normativa sanitaria e **se atopen no apartado 4 Medidas especiais para determinadas actividades** do Anexo da orde do 26 de xaneiro de 2021. Inclúense as **atraccións de feiras**, sempre que se trate de actividades nas cales **non exista establecemento aberto ao público**
- *** Para **establecementos** que ocupen a 10 ou máis persoas traballadoras, incrementarase a axuda en 1.000 €